

# A auga

A auga forma parte do mundo que nos arrodea. Fagamos un experimento moi sinxelo para ver como cambia.


Poñemos unhas pedras de xeo nun prato e deixámolo ao sol.

O xeo comeza a fundirse pouco e pouco.

Ao final, todo o xeo se transformou en auga.



Se deixamos a auga no prato o tempo suficiente, termina desaparecendo e o prato queda seco.



O xeo é auga en **estado sólido**. Cando quece transfórmase en auga en **estado líquido**. Esta evapórase e transfórmase en vapor de auga, que é auga en **estado gasoso**. O vapor de auga é un gas que se mestura co aire e non se pode ver, pois non ten ningunha cor.



CREATIVIDADE

Fai un debuxo dunha situación en que se observe que a auga pasa do estado sólido ao estado líquido.



- 1 Todo o que nos arrodea pódese encontrar nun dos tres estados. Escribe en que estado se encontra cada un:



rocha



aceite



aire

- 2 Observa as imaxes e completa as oracións.



No conxelador, a auga pasa do estado

ao estado .



Cando seca a roupa, a auga pasa do estado

ao estado .



Cando se funde a neve, a auga pasa do estado

ao estado .

- 3 **TEMPO PARA FALAR.** Sabías que se pode patinar sobre o xeo?



Dicide entre todos para que se poden empregar o xeo e a neve.

Os tres estados son sólido, líquido e gasoso.